

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

13317 *Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior.*

A Conferencia de Ministros Europeos de Educación Superior, celebrada en Bergen o 19 e 20 de maio de 2005, tomou a decisión de adoptar un marco comprensivo de cualificacións para o Espazo Europeo de Educación Superior, construído sobre os denominados «descritores de Dublín». Este marco considera a existencia de tres ciclos, permite, en cada contexto nacional, a posibilidade de ciclos intermedios, cada un deles caracterizado mediante descritores xenéricos baseados en resultados da aprendizaxe, e inclúe unha cuantificación orientativa dos créditos que se deben asignar a cada un dos ciclos.

Tendo en conta a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, que lles aconsella aos Estados a aliñación dos seus sistemas de cualificacións, o noso país, igual ca o resto dos países implicados no proceso de Boloña, adquiriu o compromiso de deseñar e pór en marcha o seu marco de cualificacións para a educación superior que sexa comparable co seu equivalente europeo. O proceso de articulación debe incluír a elaboración meticulosa do mapa de cualificacións nacionais (os seus niveis, resultados de aprendizaxe e descritores), identificando os descritores de ciclo para o marco integrador europeo.

O Comité para a definición do Marco español de cualificacións para a educación superior, creado polo Real decreto 900/2007, do 6 de xullo, é o órgano a que se lle encomendou elaborar a proposta do marco, o que levou a cabo, no traballo realizado desde a súa constitución o 29 de outubro de 2009 ata o 18 de maio de 2010, data en que realizou a sesión que aprobou o documento que serve para dar contido a esta disposición de carácter xeral.

O Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) proposto de forma unánime polo Comité incorpora un nivel referido a outros estudos de educación superior non universitaria, de forma que se visualice un itinerario completo para a educación superior, contribuíndo deste xeito a facer máis visible a faceta integradora que se quere proporcionar a toda a educación superior, aínda non universitaria, como é o caso das ensinanzas de formación profesional e o resto das ensinanzas de réxime especial. Deste modo, o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) constitúese sobre a base dunha estrutura en catro niveis que debe permitir situar unha persoa segundo o seu nivel de aprendizaxe adquirido e certificado.

Así, o MECES terá que recoller na súa definición a inclusión de todas as ensinanzas ou títulos de educación superior a que se refire a Lei orgánica de educación no seu artigo 3, isto é, o ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior.

Por outro lado, o MECES comparte co Marco español de cualificacións (MECU) os obxectivos de informar a sociedade, favorecer a mobilidade internacional e o recoñecemento en todo o Espazo Europeo de Educación Superior da formación en xeral. Estes propósitos coincidentes non poden, non obstante, levar a unha confusión entre ambos os dous marcos, xa que o Marco español de cualificacións (MECU) abrangue todo o espectro de cualificacións, tanto as que se obteñen no ensino obrigatorio como as que se obteñen no nivel superior do ensino universitario, da formación profesional, das ensinanzas artísticas e deportivas, así como aquelas ensinanzas que se adquiren en procesos de educación non formal ou informal, en suma, está referido a todos os niveis de aprendizaxe e centrado na idea de valorar a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Pola contra, o alcance do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) cingúese ás titulacións correspondentes á educación superior. Debe, por tanto, facerse a equivalencia do termo cualificación a que se refire o MECES, tal e como se precisa no artigo segundo, co de calquera título, diploma ou certificado emitido por unha institución educativa que acredita ter adquirido un conxunto de resultados da aprendizaxe, despois de superar satisfactoriamente un programa de formación nunha institución legalmente recoñecida no ámbito da educación superior.

Coa definición do Marco español de cualificacións para a educación superior preténdese, dun lado, informar a sociedade e, en particular, os estudantes sobre cales son as exixencias de aprendizaxe de cada nivel, e doutro, subministrarlles información aos empregadores sobre cales son as correspondentes competencias dos que van ser empregados. Por outro lado, débese pór de manifesto a transcendente utilidade que subxace no MECES como ferramenta que facilitará a mobilidade e o recoñecemento internacional dos títulos e da formación.

A definición dos catro niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior que se inclúe neste real decreto debe permitir a todo tipo de colectivos a particularización dos resultados da aprendizaxe que caracterizan estes niveis aos seus ámbitos temáticos, do coñecemento ou profesionais. Ademais, encoméndase a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA), en colaboración con outros órganos de avaliación das comunidades autónomas, para que valide a coherencia e consistencia das particularizacións que xurdan do Marco español de cualificacións para a educación superior.

Por último, a aprobación do Marco español de cualificacións para a educación superior debe ofrecer unha vinculación clara e demostrable entre as cualificacións que integre e os descritores de titulación do ciclo correspondente definidas no marco europeo, ao se considerar que os marcos de cualificacións son unha ferramenta clave para a materialización do Espazo Europeo de Educación Superior. Para estes efectos, esta norma propón que no prazo dun mes desde a súa publicación se inicie o proceso para certificar a súa compatibilidade co marco europeo que comporta a avaliación por expertos internacionais.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e emitiron informe o Consello de Universidades, o Consello Escolar do Estado, o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Superior de Deportes e o Consello Económico e Social, así como o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece o Marco español de cualificacións para a educación superior, MECES, e a descrición dos seus niveis, cuxa finalidade é permitir a clasificación, comparabilidade e transparencia das cualificacións da educación superior no sistema educativo español.

2. O MECES é un instrumento, internacionalmente recoñecido, que permite a nivelación coherente de todas as cualificacións da educación superior para a súa clasificación, relación e comparación e que serve, así mesmo, para facilitar a mobilidade das persoas no espazo europeo da educación superior e no mercado laboral internacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do previsto neste real decreto enténdese por:

a) Cualificación: calquera título, diploma ou certificado emitido por unha institución educativa que acredita ter adquirido un conxunto de resultados da aprendizaxe, despois

de superar satisfactoriamente un programa de formación nunha institución legalmente recoñecida no ámbito da educación superior.

b) Resultado da aprendizaxe: aquilo que se espera que un estudante coñeza, comprenda ou sexa capaz de facer.

c) Nivel (nun marco de cualificacións): o referente definido en termos de descritores xenéricos para a clasificación das diferentes cualificacións da educación superior, expresado en resultados da aprendizaxe, aos cales se pode adscribir, mediante a oportuna comparación, unha cualificación concreta.

d) Descritor: colección de resultados da aprendizaxe que caracteriza un determinado nivel nun marco de cualificacións.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación do marco constitúeno as titulacións oficiais procedentes do ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior, así como aqueloutros títulos que se declarasen equivalentes.

Artigo 4. *Estrutura do MECES.*

O Marco español de cualificacións para a educación superior estrutúrase en catro niveis coa seguinte denominación para cada un deles:

1. Nivel 1: técnico superior.
2. Nivel 2: grao.
3. Nivel 3: máster.
4. Nivel 4: doutor.

Artigo 5. *Técnico superior.*

1. O nivel de técnico superior constitúese no nivel 1 do ensino superior e inclúe as ensinanzas de formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior que teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación de carácter especializado que capacita para o desempeño cualificado de diversas profesións.

2. As características das cualificacións situadas neste nivel veñen definidas polos seguintes descritores xenéricos de resultados da aprendizaxe:

a) Ter demostrado posuír coñecementos especializados nunha área profesional ou de estudo, con comprensión crítica para a integración e transferencia de saberes, así como para o desenvolvemento da creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor;

b) Aplicar e integrar os seus coñecementos artísticos, tecnolóxicos ou deportivos na definición e desenvolvemento de procedementos de traballo, no ámbito artístico ou laboral, de forma autónoma e con responsabilidade de coordinación e supervisión do traballo técnico;

c) Posuír a capacidade de analizar a información necesaria para avaliar e dar resposta a situacións previstas e non previstas, mediante a busca de solucións fundamentadas, creativas e innovadoras dentro dun campo de estudo ou profesional;

d) Ser capaces de comunicar os seus coñecementos, ideas, habilidades e actividades en contextos profesionais aos seus iguais, supervisores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade;

e) Posuír as estratexias de aprendizaxe necesarias para avanzar na súa formación de xeito autónomo, con madurez para innovar na súa aplicación e progresar na aprendizaxe e formación a niveis superiores.

3. As cualificacións incluídas neste nivel indícanse no punto correspondente do cadro que figura no anexo a esta norma.

Artigo 6. Nivel de grao.

1. O nivel de grao constitúese no nivel 2 do MECES, no cal se inclúen aquelas cualificacións que teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

2. As características das cualificacións situadas neste nivel veñen definidas polos seguintes descritores presentados en termos de resultados da aprendizaxe:

a) Ter adquirido coñecementos avanzados e demostrado unha comprensión dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo no seu campo de estudo, cunha profundidade que chegue ata a vangarda do coñecemento;

b) Poder, mediante argumentos ou procedementos elaborados e sustentados por eles mesmos, aplicar os seus coñecementos, a comprensión destes e as súas capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborais complexos ou profesionais e especializados que requiren o uso de ideas creativas e innovadoras;

c) Ter a capacidade de recompilar e interpretar datos e informacións sobre as cales fundamentar as súas conclusións incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, a reflexión sobre asuntos de índole social, científica ou ética no ámbito do seu campo de estudo;

d) Ser capaces de se desenvolver en situacións complexas ou que requirán o desenvolvemento de novas solucións tanto no ámbito académico como laboral ou profesional dentro do seu campo de estudo;

e) Saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas ou non), de xeito claro e preciso, coñecementos, metodoloxías, ideas, problemas e solucións no ámbito do seu campo de estudo;

f) Ser capaces de identificar as súas propias necesidades formativas no seu campo de estudo e ámbito laboral ou profesional e de organizar a súa propia aprendizaxe cun alto grao de autonomía en todo tipo de contextos (estruturados ou non).

3. As cualificacións incluídas neste nivel indícanse no punto correspondente do cadro que figura no anexo a esta norma.

Artigo 7. Nivel de máster.

1. O nivel de máster constitúese no nivel 3 do MECES, no cal se inclúen aquelas cualificacións que teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

2. As características das cualificacións situadas neste nivel veñen definidas polos seguintes descritores presentados en termos de resultados da aprendizaxe:

a) Ter adquirido coñecementos avanzados e demostrado, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo;

b) Saber aplicar e integrar os seus coñecementos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en ámbitos novos e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais altamente especializados;

c) Saber avaliar e seleccionar a teoría científica adecuada e a metodoloxía precisa dos seus campos de estudo para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada, incluíndo, cando sexa preciso e pertinente, unha reflexión sobre a responsabilidade social ou ética ligada á solución que se propoña en cada caso;

d) Ser capaces de predicir e controlar a evolución de situacións complexas mediante o desenvolvemento de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito científico/investigador, tecnolóxico ou profesional concreto, en xeral multidisciplinar, no que se desenvolva a súa actividade;

e) Saberlle transmitir dun modo claro e sen ambigüidades a un público especializado ou non resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan;

f) Ter desenvolvido a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do seu ámbito temático, en contextos interdisciplinares e, se é o caso, cunha alta compoñente de transferencia do coñecemento;

g) Ser capaces de asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización nun ou máis campos de estudo.

3. As cualificacións incluídas neste nivel indícanse no punto correspondente do cadro que figura no anexo a esta norma.

Artigo 8. *Nivel de doutor.*

1. O nivel de doutor constitúese no nivel 4 do MECES, no cal se inclúen aquelas cualificacións que teñen como finalidade a formación avanzada do estudante nas técnicas de investigación.

2. As características das cualificacións situadas neste nivel veñen definidas polos seguintes descritores presentados en termos de resultados da aprendizaxe:

a) Ter adquirido coñecementos avanzados na fronteira do coñecemento e demostrado, no contexto da investigación científica recoñecida internacionalmente, unha comprensión profunda, detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía científica nun ou máis ámbitos investigadores;

b) Ter feito unha contribución orixinal e significativa á investigación científica no seu ámbito de coñecemento e que esta contribución fose recoñecida como tal pola comunidade científica internacional;

c) Ter demostrado que son capaces de deseñar un proxecto de investigación co que levar a cabo unha análise crítica e unha avaliación de situacións imprecisas onde aplicar as súas contribucións e os seus coñecementos e metodoloxía de traballo para realizar unha síntese de ideas novas e complexas que produzan un coñecemento máis profundo do contexto investigador en que se traballe;

d) Ter desenvolvido a autonomía suficiente para iniciar, xestionar e liderar equipos e proxectos de investigación innovadores e colaboracións científicas, nacionais ou internacionais, dentro do seu ámbito temático, en contextos multidisciplinares e, se é o caso, cunha alta compoñente de transferencia de coñecemento;

e) Ter mostrado que son capaces de desenvolver a súa actividade investigadora con responsabilidade social e integridade científica;

f) Ter xustificado que son capaces de participar nas discusións científicas que se desenvolvan a nivel internacional no seu ámbito de coñecemento e de divulgar os resultados da súa actividade investigadora a todo tipo de públicos;

g) Ter demostrado dentro do seu contexto científico específico que son capaces de realizar avances en aspectos culturais, sociais ou tecnolóxicos, así como de fomentar a innovación en todos os ámbitos nunha sociedade baseada no coñecemento.

3. As cualificacións incluídas neste nivel indícanse no punto correspondente do cadro que figura no anexo a esta norma.

Artigo 9. *Definición de referentes temáticos para os niveis do MECES.*

1. A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación (ANACA), en colaboración con outros órganos de avaliación das comunidades autónomas, será a encargada de validar e arquivar aquelas interpretacións das definicións dos niveis do MECES que xurdan tanto en ámbitos temáticos como profesionais.

2. A Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional será a responsable de definir as especificidades relativas ás ensinanzas non universitarias.

Disposición adicional única. *Proceso de autocertificación do MECES.*

No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Educación iniciará o proceso de autocertificación do MECES co Marco europeo de cualificacións para a educación superior, de conformidade cos criterios acordados nas reunións ministeriais de Bergen (2005) e Londres (2007).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e actualización do MECES.*

Autorízase o ministro de Educación para ditar as instrucións necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para actualizar ou modificar, cando corresponda, o contido do anexo desta norma.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ANEXO

Niveis		Cualificacións
1	Técnico superior	Técnico superior de formación profesional ¹ Técnico superior de artes plásticas e deseño ² Técnico deportivo superior ³
2	Grao	Título de graduado ⁴ Título de graduado das ensinanzas artísticas superiores ⁵
3	Máster	Título de máster universitario ⁶ Título de máster en ensinanzas artísticas ⁷
4	Doutor	Título de doutor ⁸

¹ De acordo co Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

² De acordo co Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

³ De acordo co Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

⁴ De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

⁵ De acordo co Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

⁶ De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

⁷ De acordo co Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

⁸ De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.